

EXERCICIOS SOBRE O SUBSTANTIVO

1. Subliña os substantivos deste texto. A continuación clasifícaos segundo teñan ou non oposición de xénero. No caso dos que poidan ter masculino e feminino, escribe as dúas formas.

O bar Singapore estaba atendido por un home groso, corentón, que de cando en vez desaparecía na cociña e entón oíase berrar. Escoitábanse tamén voces de muller. Un neno subía polo interior da barra, apoiándose en caixas de refrescos. Conseguiu poñerse á altura do estranxeiro e díxolle que o seu pai sabía facer carros en miniatura arrastrados por moscas e tamén por bolboretas, aínda que engadiu que isto último era máis difícil.

(Manuel Rivas, «O navegante solitario», Un millón de vacas, Edicións Xerais)

2. Coloca o artigo diante destas palabras:

arte	sinal	costume	lume	orde
elipse	análise	ponte	viaxe	calor
sal	cárcere	dote	paisaxe	garaxe
alcume	auga	paxe	mel	personaxe
árbore	traxe	dor	aguia	peaxe
marxe	eme	pereira	ubre	orixe
sangue	suor	culler	canle	leite
nariz	cume	color	labor	sorriso
fronte	ce	parálise	cuspe	dose
alma	carraxe	legume	friaxe	apendicite
leite	dote	linde	ave	balor
fin de ano	énfase	canle	sofraxe	aramé
rouquén	ansia	diadema	servidume	gume0

3. Completa cun determinante as seguintes oracións:

1. Mario toca ____ arpa.
2. ____ auga dese pozo está contaminad ____.
3. Colle a pota pol ____ asa.
4. Naquel ____ árbore está ____ aguia que che dixen.
5. Mancouse n ____ nariz.
6. Non coñezo ____ orixe desta lenda.
7. O burro deume ____ couce.
8. C ____ sangue fanse freixós.
9. ____ canle leva ____ auga ata o río.
10. ____ sentinela vixía ____ ponte.
11. Desde ____ cume vese a lagoa.
12. Sempre tomo ____ leite c ____ mel que me deches.
13. A lentella é ____ legume.
14. ____ figueira é ____ árbore.
15. Está asustado pola lenda d ____ pantasma do castelo.

4. Todos estes substantivos teñen oposición de xénero. Clasifícaos.

camarada, compañeiro, amante, xuíz, actor, vítima, ovella, formiga, poeta, cabalo, artista, amigo, xornalista, capitán, emperatriz, violinista, pantasma, mártir, xílgaro, colega, perdiz, testemuña.

5. Explica a diferenza de significado nestes pares de palabras:

Leño/leña	o Arnoia/a Arnoia	marco/marca	poza/pozo	ovo/ova
cesto/cesta	o garda/a garda	dedo/deda	testemuño/a	carballo/a

6. Escribe o singular dos seguintes substantivos:

barrís	paixóns	reis
carrís	amigos	dedais
riles	caixóns	camións
papeis	bedeis	vales

7. Escribe en plural:

O profesor colle o papel e gárdao no caixón.

Este é o rei do meu país.

A súa casa está á beira da estrada.

Aquel rapaz sempre escribe co lapis.

Ese animal é un xabaril.

O mércores teño un exame.

O tren circula amodo polo interior do túnel.

Garda este paquete tan fráxil no baúl.

Con este compás poderás debuxar un xirasol.

8. Escribe o plural e explica as regras da formación, segundo o modelo

Singular	Plural	Razón
----------	--------	-------

revés

tapiz

vexetal

rubí

carácter

capitán

ril

capital

robot

rei

cruz

venres

fax

sol

dolmen

9. Pon o plural destas palabras compostas:

casa xardín

paporrubio

parasol

cempés

pita do monte

piso piloto

cadela de frade

chuchamel

porco teixo

ollomol

sofá cama

caixa forte

10. Clasifica semanticamente os seguintes substantivos

ermida

bancada

maldade

sal

orquestra

azucres

sanidade

souto

rochedo

Malvas